

# Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao no Programa Conxunto ADE-Dereito)

CURSO 2018-2019



## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

# Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito

## CURSO 2018-2019

Validado pola Comisión de Calidade o día 17 de decembro de 2019

Aprobado pola Comisión Permanente o día 18 de decembro de 2019

### Índice

1.	Información xeral .....	3
2.	Coordinación .....	3
3.	Xustificación e descripción do informe .....	3
4.	Accións de coordinación .....	4
4.1.	Reunións e actuacións de coordinación.....	4
4.1.1.	Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Grao en Dereito cos representantes do alumnado -delegadas/os e subdelegadas/os do Grao en Dereito e da Simultaneidade- .....	4
4.1.2.	Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e na Simultaneidade .....	5
4.1.3.	Reunións e actuacións de coordinación cos titores/as do Plan de Acción Titorial .....	5
4.1.4.	Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacóns internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade .....	6
4.1.5.	Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados 7	
4.1.6.	Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora da materia Traballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente .....	9
4.1.7.	Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo 15	
4.1.8.	Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito.....	15
4.2.	Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	15
4.2.1.	Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade .....	15
4.2.2.	Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade.....	16
4.2.3.	Actuacións de promoción do centro.....	18
4.2.3.1.	Promoción internacional do centro: basicamente a través do profesorado, PAS e alumnado que participa en programas de mobilidade.....	19

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

4.3.	Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora.....	19
4.3.1.	Actuacións e incidencias más relevantes.....	19
4.3.2.	Accións de mellora para o curso 2019/2020 .....	27
5.	Conclusións .....	29
6.	Anexos.....	29

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

### 1. Información xeral

Denominación do título	Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Curso de implantación	2014/2015 Plan 1 (plan de estudios modificado "G081 – Plan 2014" 2014/2015 PCEO (plan conxunto de estudios Grao en Dereito/Grao en Administración e Dirección de Empresas)

### 2. Coordinación

Equipo coordinador do Grao en Dereito	Equipo de gobierno da Facultade de Dereito complementado pola comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo
Equipo coordinador do Grao en Dereito na simultaneidade ADE-Dereito	Comisión de coordinación do PCEO

### 3. Xustificación e descripción do informe

A memoria para solicitar a verificación da modificación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo lembra no apartado «Procedemento de coordinación do Grao» (páx. 48) que na memoria inicial introduciuse a figura do coordinador/a de curso para garantir a axeitada coordinación docente no proceso de programación da avaliación continuada das materias en cada curso académico, pero que, co paso do tempo, apreciouse que era preferible contar cun coordinador/a único para a titulación. Entre outras funcións, o coordinador/a do Grao deberá emitir informes periódicos a través dos que manter informado ao decanato das incidencias e dos eventos relevantes. Para tal fin, o/a coordinador/a do Grao debe manter reunións de coordinación co alumnado e co profesorado do Grao en Dereito. Pola súa banda, os coordinadores/as das materias de Prácticas externas e de Traballo de fin de Grao encárganse de coordinar aos distintos tutores/as e a/o responsable de relacións internacionais da coordinación das actuacións de mobilidade. Todas as labores de coordinación horizontal e vertical que se desenvolven facilitan o bo funcionamento do título, a análise das incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e dos plans de mellora acometidos dende a coordinación do equipo de governo do centro.

Dada a peculiaridade do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo, título único impartido en dous centros –as facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo–, constituíuse unha comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as e os coordinadores/as do Grao, co obxecto de avaliar

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xordan e establecer mecanismos de coordinación docente convxunta entre ambos os dous centros.

Finalmente, dende o curso 2014/2015 posibilitouse que o estudiantado poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante un programa convxunto («simultaneidade») elaborado polas facultades de Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais. En relación coa coordinación da simultaneidade, o artigo 6 da Memoria vixente para o programa convxunto de estudos oficiais do Grao (PCEO) (Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito - Campus de Ourense), aprobada polo Consello de goberno o día 22 de xullo de 2016, prevé o desenvolvemento das tarefas de coordinación do programa de simultaneidade por un equipo integrado polas persoas coordinadoras do Grao en ADE e do Grao en Dereito, agás que a persoa titular do decanato dun centro decida delegar nun vicedecano/a a coordinación do Grao do respectivo centro no PCEO. Ademais establecerase un órgano coordinador formado polas persoas titulares dos decanatos e as coordinadoras dos graos de ambos os dous centros no PCEO. Esta comisión, cando existan dificultades na coordinación que o fagan conveniente, reunirase a instancia de calquera dos dous decanatos.

## 4. Accións de coordinación

A continuación describense as diversas actuacións de coordinación docente realizadas no curso académico 2018-2019 coa finalidade de facilitar o bo funcionamento do centro e do título de Grao en Dereito –incluído o programa convxunto da simultaneidade ADE-Dereito-, analizar as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades convxuntas entre os distintos actores implicados e acometer plans de mellora dende a coordinación do equipo de goberno do centro.

### 4.1. Reunións e actuacións de coordinación

#### 4.1.1. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Grao en Dereito cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os do Grao en Dereito e da Simultaneidade-

Durante o curso académico 18/19 realizáronse un total de 2 reunións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 23/11/2018. O obxectivo principal desta reunión foi informar sobre a posta en marcha do cronograma de actividades para o 2º cuadrimestre, e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre as incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia.
- 29/03/2019. O obxectivo principal desta reunión foi:
  - a) Informar ao alumnado sobre:
    - i. Inicio do proceso de elaboración das guías docentes para o curso 19/20.
    - ii. Elaboración e revisión do calendario de exames
  - b) Análises das carencias (ou exceso) de contidos das materias do Grao

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

### 4.1.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e na Simultaneidade

Durante o curso académico 18/19 realizáronse un total de 2 reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 23/11/2018. O obxectivo principal desta reunión foi informar das queixas recibidas por parte dos alumnos na anterior reunión e recoller os comentarios realizados polo profesorado sobre o desenvolvemento da docencia.
- 05/04/2019. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polo profesorado sobre:
  - a) Incidencias detectadas no proceso de planificación das Enquisas de avaliación docente
  - b) O cumprimento dos horarios e calendario académico.
  - c) Elaboración do cronograma de actividades
  - d) Informe das queixas do alumnado
  - e) Recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia

### 4.1.3. Reunións e actuacións de coordinación cos titores/as do Plan de Acción Titorial

Durante o curso académico 18/19 realizáronse as seguintes reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación (ademas de informar na última Xunta de Facultade do curso 17/18 sobre a posta en marcha do PAT para o curso seguinte):

- 30/06/2018: Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos tutores do curso 17/18 solicitando se desexan continuar, como tutores, para o curso 18/19. A profesora dona Francisca Fernández Prol indica que non pode continuar polo que o PAT contará con 5 tutores para o Grao e 2 para o PCEO.
  - Mediados de xullo de 2018: a decana, dona Marta Fernández Prieto, enviou distintos correos electrónicos ao alumnado de 3º e 4º do Grao e os alumnos de 5º do PCEO solicitando a súa colaboración para participar no PAT como alumnos-tutores.
  - 04/09/2018: celebrouse na Facultade de Dereito o curso 0: INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO dirixido ao alumnado de Grao e do programa conxunto ADE-Dereito. Os obxectivos que persigue este curso son:
    - a) Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
    - b) Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
    - c) Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
  - 27/09/2018: Públicase na web do centro o anexo I do PAT coa asignación de alumnado a profesorado-titor/alumnado-titor para o curso 18/19.
  - 27/09/2018: Dende a coordinación envíouse un correo electrónico aos tutores do PAT solicitando que convoquen unha primeira reunión co alumnado titorizado para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. Indícase que a dita reunión deben asistir os estudiantes tutores.
  - 02/10/2018: dende a coordinación envíouse un email aos estudiantes tutores para tentar fixar un día e hora na que nos reunir para analizar as súas funcións dentro do PAT. Ante a imposibilidade que fixar unha data na que puidesen asistir todos os estudiantes convocados, envíouselles un email o día 4 de outubro onde se lles resumía o obxectivo do PAT e as súas funcións como estudiantes tutores.
  - 21/01/2019: Dende a coordinación do Grao e Simultaneidade envíouse un correo electrónico aos tutores do PAT solicitando que se convoque unha reunión para o seguimiento dos estudiantes titorizados.
  - 21/01/2018: Dende o centro organizouse o curso 3.5, fundamentalmente destinado ao alumnado de terceiro curso do Grado de Dereito e cuarto curso do PCEO. Os obxectivos deste curso son:
    - a. Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
    - b. Presentar ao alumnado de terceiro curso e cuarto curso do PCEO a información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
    - c. Dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Os temas abordados foron os seguintes:
- a. Prácticas extracurriculares e emprego. D.<sup>a</sup> Sandra Morales. FUVI.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- b. A optatividade e a estrutura en Mencións. Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
- c. A organización da materia optativa Prácticas externas. Prof.<sup>a</sup> Dra. Susana Álvarez González. Coordinadora da materia Prácticas externas do Grao en Dereito.
- d. O Traballo fin de Grao. Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto. Coordinadora da materia TFG.
- e. A mobilidade do estudiantado no estranxeiro. Prof.<sup>a</sup> Dra. M.<sup>a</sup> Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito.
- f. Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Mestrado universitario en avogacía. Prof.<sup>a</sup> Dra. M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía da Facultade de Dereito.
- 27/05/2019: Dende a coordinación do Grao envíouse un correo electrónico aos titores do PAT e os alumnos titores solicitando que cumprimentasen o anexo “IV-B: Cuestionario final de satisfacción do tutor/a”, que neste curso se implementou para ser cuberto online. Tamén se solicita ao profesorado que, se áinda non enviaron á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas ao longo do curso, os acheguen para poder realizar o informe final do PAT deste curso.
- 28/05/2019: Dende a coordinación envíouse un correo electrónico aos estudiantes que participan no PAT solicitándolles que cubran o anexo “IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado”, que neste curso se implementou para ser cuberto online.

### 4.1.4. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade

A convocatoria de mobilidade ERASMUS + publicouse o 29 de decembro de 2017. En xaneiro de 2018 (15 de xaneiro), Amelia Rodríguez Piña, directora da ORI, convocou unha reunión dirixida a estudiantes de todas as titulacións do Edificio Xurídico-Empresarial.

O 21 de marzo de 2018, tras a publicación da lista provisional de estudiantes admitidos o 14 de marzo, a coordinadora de relacións internacionais convocou a unha reunión (seminario 51) a todos os estudiantes que solicitaron a mobilidade ERASMUS co fin de explicaralles todas as cuestións académicas de mobilidade.

Posteriormente, despois da publicación da lista definitiva de destinos, celebráronse varias reunións, así como a comunicación por correo electrónico cos diferentes estudiantes ao completar o seu acordo de estudios. Cómpre destacar que todos os estudiantes xa cumplimentaron o seu acordo de estudio na Secretaría Virtual.

Durante o curso 18/19 levaron a cabo a mobilidade ERASMUS + 8 estudiantes do Grao en Dereito e dous do PCEO. Así mesmo, un estudiante do Grao realizou a súa mobilidade no marco do Programa de Bolsa propia da Universidade de Vigo (mobilidade con América Latina, concretamente, na Universidade católica de Nosa Señora de Asunción, Uruguai).

Cómpre salientar que este ano académico houbo un incremento notable dos estudiantes que solicitaron a mobilidade ERAMUS tanto para o Grao como para PCEO (máis de quince persoas), con todo, varios estudiantes presentaron a súa renuncia polo que o número total de estudiantes en mobilidade áinda é baixa (10 estudiantes). Neste sentido, para aumentar o número de estudiantes que cursan un período de estudios en terceiros países (ben como mobilidade no marco do Programa ERASMUS ou no marco dos Programas con América Latina) dende a coordinación séguese insistindo nas reunións informativas. Neste sentido, cabe destacar que durante a xornada de Acollida aos estudiantes de primeiro curso (curso 0), a coordinadora de Erasmus do Centro imparte unha charla sobre os programas de mobilidade e tamén no curso 3.5 (dirixido aos estudiantes de terceiro curso).

Esta tendencia de incremento da mobilidade ERASMUS + tamén se confirma no curso 19/20, dado que 18 estudiantes están realizando a mobilidade ERASMUS (2 de grao e 16 de PCEO). Así mesmo, un estudiante de PCEO está realizando unha estadía no marco dos Programas de Bolsa Propia da Universidade de Vigo (en Brasil) e dous estudiantes do PCEO no marco do Programa SICUE.

Por outra banda, tamén se está a estudar, no marco do Plan de internacionalización do centro, a promoción no exterior do noso Itinerario en Dereito da Unión, co obxectivo de atraer estudiantes tanto do Programa ERASMUS como dos Programas con América Latina. Neste sentido, as accións están dirixidas a promocionar o devandito itinerario na páxina web da Facultade así como o envío de información ás diversas Universidades coas que o Centro celebrou convenios de intercambio de estudiantes.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

### 4.1.5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos tutores/as implicados

#### A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso 2018/2019 realizáronse as seguintes reunión e actuacións en relación coa materia “Prácticas Externas”:

- Maio, xuño, xullo, setembro e outubro de 2018: diferentes reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas. Durante o devandito curso académico asináronse ou/e renováronse os seguintes Convenios a instancia da Facultade de Dereito: JAIME PINTOS PÉREZ ABOGADO ( 20/05/2019); CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO) 20/05/2019 ; CONVENIO ENTRE LA UNIVERSIDAD DE VIGO Y LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO (MINISTERIO POLÍTICA TERRITORIAL Y FUNCIÓN PÚBLICA – SECRETARIA DE ESTADO DE POLÍTICA TERRITORIAL) PARA LA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS POR PARTE DE LOS ESTUDIANTES DE DERECHO Y TRABAJO SOCIAL DE DICHA UNIVERSIDAD EN LA SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN OURENSE (22/03/2019 ) e CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL (20/02/2019 )
- Xuño 2018: Elaboración da guía docente pola coordinación.
- Setembro 2018: Convocatoria para o nomeamento de Tutores académicos de Prácticas Externas. A Comisión Académica nomea como tutores académicos aos seguintes profesores: Dna. Susana Álvarez González, Dna. Marta Fernández Prieto, Dna. Francisca Fernández Prol e D. Virxilio Rodríguez Vázquez.
- Novembro de 2018: Publicación de oferta formativa de prácticas externas 2017-2018.
- Decembro de 2018: Adxudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma TEMA e na páxina web da Facultade (apartado Grao en Dereito/Prácticas externas) + comunicación aos tutores externos/externos dos datos do alumnado seleccionado para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.
- Xaneiro/febreiro 2019. Presentación da materia prácticas externas ao comezo co cuadri mestre e intervención no curso 3.5.
- Reunións co alumnado. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) decepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesión informativas e de seguimento tiveron lugar nas datas determinadas polos horarios aprobados pola Comisión Permanente para o curso 2018-2019.
- Recepción do informe final e valoración dos tutores externos. Publicación das cualificacións en xuño de 2018 (plataforma TEMA)
- O calendario e os correspondentes formularios figuran la páxina web do Centro nos seguintes termos:

#### Curso Académico 2018-2019

Calendario de prácticas	
Data	Proceso
<b>Setembro de 2018</b>	<a href="#">Nomeamiento de tutores académicos</a>
<b>31 de Outubro de 2018</b>	<a href="#">Publicación da oferta de prácticas</a> <a href="#">Modificación oferta formativa de prácticas</a>
<b>Do 7 ao 15 de novembro de 2018</b>	<a href="#">Solicitud de alumnado (Anexo I)</a>
<b>Do 19 ao 30 de novembro de 2018</b>	<a href="#">Adxudicación provisional de prácticas</a>
<b>Decembro de 2018</b>	<a href="#">Adxudicación definitiva de prácticas e comunicación de datos a empresas e institucións</a>
<b>Do 23 ao 29 de xaneiro de 2019</b>	<a href="#">Formalización da práctica (Anexo II)</a>
<b>Do 30 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2019</b>	Comezo da práctica
<b>12 de maio de 2019</b>	Data límite de remate da práctica <ul style="list-style-type: none"><li>• <a href="#">Informe do tutor externo<sup>1</sup> (Anexo III)</a></li><li>• <a href="#">Informe do tutor académico (Anexo IV)</a></li></ul>

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

### B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas curriculares” no curso 2018/2019.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2017-2019 foi de 29 prazas. Estas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

#### Curso Académico 2018-2019

Asignación de entidades e despachos		
Entidade (nº de prazas)	Titor externo	Titor Académico
<u>Colexio de Procuradores de Ourense (1)</u>	Lourdes Lorenzo Ribagorda	Susana Álvarez González
<u>Colexio Notarial de Galicia (1)</u>	María Isabel Louro García	Susana Álvarez González
<u>Confederación Hidrográfica Miño-Sil (2)</u>	Diana Carballeda Chan	Virxilio Rodríguez Vázquez
<u>Deputación Provincial de Ourense (2)</u>	Mónica Lesgapi Díaz	Virxilio Rodríguez Vázquez
<u>Albino Ferreira Rivera (1)</u>	Albino Ferreira	Susana Álvarez González
<u>Ferro Ribadulla Avogados (1)</u>	Fernando Blanco Arce	Susana Álvarez González
<u>Subdelegacion do Goberno (4)</u>	Manuel Arias Carral	Marta Fernández Prieto
<u>Concello de Barbadás (2)</u>	Xosé Manoel Fírvida Plaza	
<u>ADER Recursos Humanos ETT (3)</u>	Noelia Alvarez González	Francisca Fernández Prol
<u>Centro Penitenciario Pereiro de Aguiar (2)</u>	David Armada Fernández Elena Fernández Montes	Virxilio Rodríguez Vázquez
<u>Parlamento de Galicia (5)</u>	Xosé Antón Sarmiento	Marta Fernández Prieto
<u>INGADE (1)</u>	Yolanda Trasobares Ramos	Francisca Fernández Prol
<u>Pérez Rumbao (2)</u>	Irene Santana Carnero María Jesús Caride Alonso	Francisca Fernández Prol
<u>XESMEGA (1)</u>	Daniel Liceras Pascual	Susana Álvarez González
<u>Consellería de Economía (1)</u>	José Rodriguez Rodríguez	Susana Álvarez González

### C. Valoración da proposta de mellora para o curso 2018-2019.

En relación coa acción de mellora proposta para o curso 2018-2019, indicar que se realizou plenamente. Xestionáronse os novos convenios con organismos públicos e privados, xa indicados nos apartados previos. En particular, a renovación do Convenio entre a Universidade de Vigo e a Administración Xeral do Estado, permitiu a realización de prácticas e visitas de estudio á Audiencia Nacional baixo a titorización do maxistrado D. José Luís Castro.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

### 4.1.6. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora da materia Traballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente

#### A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2018-19, a iniciativa da coordinadora da materia Traballo fin de grao, dos titores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbihdas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvolvérónse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Traballo fin de grao. As más destacables acometérónse nas seguintes datas:

- Xuño 2018: Elaboración da guía docente polo coordinadora.
- 26/07/2018: aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2018/19 -setembro de 2018 (1º prazo), novembro de 2018 (2º prazo), xuño de 2019 (3º prazo) e xullo de 2019 (4º prazo)- e aprobación de criterios e asignación de titores para o alumnado que se presente ao primeiro prazo (setembro) ou ao segundo prazo (novembro) dos períodos de defensa habilitados en cada curso académico (acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores, áinda que transcorren máis de dous anos).
- 06/09/2018: Designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2018/19.
- 09/10/2018: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2018-2019 cumple os requisitos para ser titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao e autorizar a titorización polo profesor D. José Abundancia Domínguez, previa solicitude expresa do interesado.
- Outubro-novembro de 2018: Publicación da relación de profesorado que no curso 2018/19 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- 22/11/2018: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2018/19.
- 19/12/2018: Aprobación da listaxe provisional de propostas temáticas para a o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2018-2019 e acórdase elevar a definitiva listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.
- 21/01/2019: Curso 3.5, destinado principalmente ao estudiantado de terceiro curso. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de grao.
- 21/01/2019: Presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao e ao alumnado de 5º curso do PCEO ADE-Dereito. Neste acto, a coordinadora informa, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbreselle ao estudiantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudio que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuatrimestre.
- 25/01/2019: Primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlle unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións más precisas que, en cada caso, poida darlle o seu respectivo titor.
- 05/04/2019: Por circunstancias sobrevenidas, acórdase pola comisión permanente aprobar a solicitude de modificación do título da proposta temática dun Traballo de fin de grao, presentada polo alumno e autorizada polo titor.
- Mantemento das notas aclaratorias adoptadas pola comisión permanente o 20/04/2019 en relación cos TFGs:
  - Que os TFGs deberán axustarse ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito, computándose únicamente, a estos efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computarán os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, sí se incluirán no número máximo de páxinas.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto , será o tribunal avaliador quen tome a decisión.
- Non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofreza as garantías necesarias
- 03/05/2019: Segunda sesión presencial co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa...-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador.
- Xaneiro-xullo de 2019: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia fatic, con información sobre premios Arquímedes, premios aos TFGs más destacados sobre temas vinculados ao Campus da Auga, premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero en TFGs defendidos na Universidade de Vigo da Área de Igualdade e axudas aos TFGs elaborados e defendidos en lingua galega; información sobre prazos para a solicitud de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención. ...

#

### B. Informe sobre o desenvolvemento da materia “Traballo de fin de grao” ata o curso 2018-2019

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que terá un mínimo de 6 créditos e que deberá realizarse na fase final do plan de estudios e estará orientado á avaliação de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescripción, o TFG incorporouse como materia obligatoria de 6 ECTS do plan de estudios da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuatrimestre de 4º curso.

A incorporación do TFG aos plans de estudio da carreira de Dereito carece de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificulta a configuración da materia e xustifica a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudiantes, tutores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”, respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de tutorización entre todo o profesorado.

Tamén detectouse a necesidade de revisar os “Resultados de aprendizaxe” recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: “Co Traballo de Fin de Grao o estudiante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”. Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un “traballo de recompilación”, un “traballo de investigación”, cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudiantes adquieran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudios universitarios oficiais (Grao, Máster, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudiantes do título de Grao. Así, na vixente redacción do Real Decreto 1393/2007 establecense os seguintes fins dos distintos estudios universitarios oficiais:

- GRAO (art. 9): “os ensinos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudiante dunha formación xeral (...) orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional”.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- MÁSTER (art. 10): entre os posibles fins dos ensinos de Máster figura “promover a iniciación en tarefas investigadoras”.
- DOUTORAMENTO (art. 11): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade”.

De igual xeito, comprobáronse algunas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Máster universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite únicamente a defensa e evaluación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudiante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídense o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudiantes do Grao en Dereito con alguma materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao mestrado universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudiantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en “formación continua”, como calquera outro estudiante matriculado no Máster –aínda que con algunas limitacións-, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa matrícula en “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Máster.

No curso 2017/2018 acometérónse importantes accións de mellora na materia TFG. En primeiro lugar, a elaboración dunha guía obxectiva o rúbrica para a evaluación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de evaluación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao. A rúbrica foi validada pola comisión de calidade na súa reunión de 27/02/2018. O Protocolo de evaluación e a súa rúbrica teñen por obxecto proporcionar ao estudiante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de evaluación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretende desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de evaluación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudiante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de evaluación nos supostos excepcionais de utilización de lingua estranxeira ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

En segundo lugar, habilitouse un novo prazo de defensa do TFG no mes de setembro, exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao. Esta acción de mellora formulouse para adiantar a convocatoria de fin de carreira e permitir obter o título de Graduado/a en Dereito e incorporarse ao Mestrado da avogacía aos estudiantes aos que solo lle restaba a materia TFG, ao eliminar a Universidade de Vigo a opción de matrícula en formación continua nos mestrados. Pretendíase facilitar a continuación dos estudos de Grao e Mestrado sen solución de continuidade -sen obstáculos que lle obrigan aos estudiantes a perder un curso académico, a lo menos cando tiñan unha única materia-. Este primeiro prazo habilitouse xa en setembro de 2019, aínda que ningún alumno matriculado na materia TFG no curso 2018/2019 utilizou este primeiro prazo de defensa.

En terceiro termo, acometérónse tamén outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, que foron mantidas con posterioridade polo seu interese. Así, nos horarios de 4º curso do Grao en Dereito e de 5º do PCEO fixáñse dúas sesión presenciais do coordinador/a de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs. A primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre, co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de evaluación..., sen prexuízo das indicacións más precisas que, en cada caso, poida darles o seu respectivo titor. A última, máis próxima xa á data de defensa, para orientar aos estudiantes sobre os trámites de solicitude de defensa e sobre o propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador.

Ademais, mantéñense cunha maior vocación de continuidade e vixencia indefinida, certas pautas e criterios aprobados pola Comisión Permanente, órgano con competencias en materia de xestión dos TFGs e interpretación do Regulamento para elaborar

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

o TFG da Facultade de Dereito. Así, mantéñense as notas aclaratorias relativas ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento, computándose unicamente, a estos efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computan os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, si se inclúen no número máximo de páxinas. Por outra banda, respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión. Tamén se acorda non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofreza as garantías necesarias. Por último, para facilitar a defensa de TFGs nos dous primeiros períodos de defensa habilitados en cada curso académico (setembro e novembro) de quen pode concorrer á convocatoria de fin de carreira, acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores, aínda que rematasen xa os dous cursos académicos previstos para a validez máxima da adxudicación de tutor e proposta temática.

### C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2018/19

- 2018C07: Ofrecer a posibilidade de presentación de propostas articuladas e motivadas de modificación do Regulamento para elaborar o Traballo de Fin de Grao en Dereito e/ou da normativa para elaborar o traballo de fin de Máster, para a súa toma en consideración pola Xunta de Facultade.

Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster, aprobadas polo Consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, era necesario analizar a viabilidade da avaliação e cualificación dos traballos de fin de grao/Máster por un sistema de tribunal unipersonal. A modificación dá nova redacción aos seus respectivos arts. 8, para permitir dous mecanismos de avaliação e cualificación do TFG/TFM (tribunal colexiado ou unipersonal) e inclúe outros dous artigos (8 bis e 8 ter), coa regulación correspondente. Permite aos centros optar por un sistema de tribunal unipersonal, de tribunal colexiado ou mixto.

Aínda que, en principio, o equipo decanal non tiña intención de facer unha proposta de reforma dos regulamentos de TFG e TFM da Facultade, ao entender que os mecanismos de avaliação e cualificación eran adecuados, a proposta de mellora pretendía abrir un prazo para que, se algún membro da comunidade universitaria dexesaba presentar unha proposta articulada e motivada, poidera facelo a través dos seus representantes na Xunta e elevara a súa toma en consideración á propia Xunta, sen necesidade de que a proposta fose formulada por un 25% dos membros da Xunta, nos termos esixidos nos arts. 36 e seguintes do Regulamento de Réxime interno. Os obxectivos da proposta eran, polo tanto, posibilitar a apertura dun prazo para a presentación de propostas articuladas e motivadas de modificación do Regulamento para elaborar o Traballo de fin de Grao/Máster en Dereito, para optar, no seu caso, a partir do curso 2019/2020 pola avaliação e cualificación dos traballos por un sistema de tribunal unipersonal ou mixto, para a súa discusión e, de ser o caso, toma en consideración pola Xunta de Facultade, sen necesidade de aval do 25% dos membros. A apertura dese prazo, non impedía a posibilidade de que se presentasen propostas fóra do mesmo seguindo o procedemento establecido nos artigos 36 e seguintes.

Na reunión de Xunta de Facultade de 20 de decembro de 2018 acordouse a apertura dun prazo ata o 15 de febreiro de 2019 para a presentación de propostas articuladas e motivadas para a súa toma en consideración pola Xunta, sen necesidade de que fose formulada por un 25% dos membros. O prazo rematou sen que se presentase proposta algúna. Polo tanto, as propostas que se presenten a partir de agora deberán seguir o procedemento do Regulamento de Réxime interno (que exige que sexan presentadas á Xunta para a súa toma en consideración polo decano/a ou por un 25% dos membros).

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

**D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2018/2019**

#

Datos comparativos		2014/15		2015/16		2016/17		2017/18		2018/19	
Estudiantes matriculados		56		58		90		68		74	
Estudiantes presentados	Totais no curso académico	46 (+1 maio/xuño)		35 (32 aprobados +3 susp.)		53 (+4 suspenso FC)		35		25	
	Convocatoria fin de carreira	7		4		14		1º set	3	0	
								2º nov	6	4	
	Convocatoria maio/xuño	23		10		29		12		8	
	Convocatoria xullo	17		21		14		14		12	
Cualificacións	Globais por curso académico	MH	1	0	4	0	2				
		Sb	3	9	15	6	6				
		N	20	11	18	18	12				
		A	22	12	16	11	5				
		Susp	1	3	4	0	0				
	Convocatoria fin de carreira	MH	0	0	0	0	0				
		Sb	0	0	1	0	0				
		N	3	2	1	1 set + 3 nov	2 nov				
		A	4	1	8	2 set + 3 nov	2 nov				
		Susp		1 (aprobado en xuño 2019)	4 (aprobados maio/xuño ou xullo 2019)	0	0				

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

	Convocatoria maio/xuño	MH	1	0	2	0	0
		Sb	2	3	10	2	3
		N	9	3	11	7	5
		A	10	4	6	3	0
		Susp	1 (aprobado en xullo 2015)	0	0	0	0
	Convocatoria xullo	MH	0	0	2	0	2
		Sb	1	6	4	4	3
		N	7	6	6	7	5
		A	8	7	2	3	3
		Susp	0	2	0	0	0

#

### E. Propostas de mellora para o curso 2019/2020

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir **elevar a taxa de gradación** da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a teor do art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo. Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da Universidade de Vigo “o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudiante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG”; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudiante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudiantes de grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de trabalho que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páginas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudiantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adequadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse a través do Informe

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Preocupan os datos obtidos no presente curso académico. En especial a *ratio* entre estudiantes matriculados e estudiantes presentados. Con todo, debe terse en conta a imposibilidade da defensa do TFG se o alumno non ten superada a totalidade de créditos restantes para a obtención do título. Á luz dos datos que se obteñan o presente curso académico e se analicen na comisión de calidade no primeiro trimestre do vindeiro curso, continuarase avanzando no marco do proceso de mellora continua, se se estima necesario, noutras **propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación**. Con todo, **analizarase se o problema se centra en que os alumnos no acadan superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden defender o Traballo de fin de grao**.

### 4.1.7. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo

Co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xordan e establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros (Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo), durante o curso académico 18/19 celebrouse unha reunión presencial deste tipo o 11 de febreiro de 2019, se ben, mantivérонse varias reunións vía telefónica/correo electrónico/whatsapp entre ambas coordinadoras). Nesta reunión presencial abordáronse os seguintes temas:

- a) Análise do estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2017-2018 e adopción de acordos respecto da planificación do traballo a realizar para a execución das que áinda non foran implantadas.
- b) Análise e aprobación, se procede, da proposta de accións de mellora da titulación para o curso 2018-2019.
- c) Análise e aprobación, se procede, da proposta de modificacións á memoria da titulación.
- d) Toma de postura en relación coa presentación ou non dunha declaración de interese para proceder á modificación do título.

### 4.1.8. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito

- Durante o curso académico 18/19 celebrouse unha reunión o 07/03/2019 coa seguinte orde do día:
  - a) Informe sobre o Acto de Graduación 2019.
  - b) Informe sobre a situación actual dos TFG's
  - c) Informe sobre a participación do alumnado nos premios extraordinarios de Grao.
  - d) Informes das Sras. coordinadoras en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.

## 4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

### 4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade

A Comisión de Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes accións en relación coa coordinación:

- 19/12/2018
  - a) Valídanse os informes de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía.
  - b) Delegar na coordinadora académica do Mestrado universitario en avogacía a análise da viabilidade da mellora do procedemento de asignación de titoras/es para o Traballo de Fin de Mestrado.
  - c) Aprobación da axenda básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o primeiro cuadrimestre do curso 2018/2019.
  - d) Aprobación da modificación do PAESU correspondente ao curso académico 2018/2019.
  - e) Acórdase trasladar á Área de Formación e Innovación Educativa as necesidade de formación do profesorado segundo as propostas realizadas por eles.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 08/03/2019
  - a) Aprobación da axenda básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o segundo cuadrimestre do curso 2018/2019.
  - b) Remitir un escrito a Área de Calidade solicitando que a información sobre a publicación de resultados provisionais e definitivos que afecten ao profesorado, como o Programa de Avaliación da Actividade Docente, se envíe aos centros para a súa posterior remisión ao persoal docente e investigador.
  - c) Validar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección coas modificacións acordadas nas propostas de mellora para o curso 2018/2019.
  - d) Manter as metas asociadas aos obxectivos de calidade do centro para o curso académico 2018-2019.
  - e) Validar as modificacións nas memorias das titulacións de Graduado/a en Dereito.
  - f) Validar a proposta de gasto de externalización da xestión das redes sociais do centro.
  - g) Remitir á Xerencia o informe sobre as necesidades formativas e de medios humanos do P.A.S. do centro, elaborado polo xefe de equipo, xunto coas alegacións correspondentes aportadas polos membros da Comisión.
- 08/03/2019
  - a) Aprobación da axenda básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o segundo cuadrimestre do curso 2018/2019.
  - b) Remitir un escrito a Área de Calidade solicitando que a información sobre a publicación de resultados provisionais e definitivos que afecten ao profesorado, como o Programa de Avaliación da Actividade Docente, se envíe aos centros para a súa posterior remisión ao persoal docente e investigador.
  - c) Validar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección coas modificacións acordadas nas propostas de mellora para o curso 2018/2019.
  - d) Manter as metas asociadas aos obxectivos de calidade do centro para o curso académico 2018-2019.
  - e) Validar as modificacións nas memorias das titulacións de Graduado/a en Dereito.
  - f) Validar a proposta de gasto de externalización da xestión das redes sociais do centro.
  - g) Remitir á Xerencia o informe sobre as necesidades formativas e de medios humanos do P.A.S. do centro, elaborado polo xefe de equipo, xunto coas alegacións correspondentes aportadas polos membros da Comisión.
- 3/07/2019
  - a) Validar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2019/2020 que non presentan defectos e delegar na coordinadora do Grao a validación das restantes unha vez emendados os erros sinalados no correspondente informe de revisión que se remitiu ao profesorado coordinador das materias.
  - b) Validar todas as guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2019/2020.

### 4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2018/2019 desenvolvéronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

CURSO CERO

DATA: 4 DE SETEMBRO DE 2018

LUGAR: AULA MAGNA CONCEPCIÓN ARENAL

XORNADA DE ACOLLIDA. MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA

DATA: 13 DE SETEMBRO DE 2018

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA SOBRE CHINA

DATA: 28 DE SETEMBRO DE 2018

LUGAR: AULA 1.2 DA FACULTADE DE DEREITO

SEMINARIO DE DISCUSIÓN: PENSAR O CINE X (LA VIOLENCIA SEXUAL A DEBATE)

DATA: DO 11 DE OUTUBRO AO 20 DE NOVEMBRO DE 2018

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

XORNADA: MULLER E TRABALLO NA ERA DIXITAL

DATA 19 DE OUTUBRO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: LA POLICÍA EN ESPAÑA

DATA: 23 DE OUTUBRO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

XORNADAS SOBRE FEMINISMO E TEORÍA DO DEREITO

DATAS: 25 DE OUTUBRO E 15 DE NOVEMBRO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO E SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO

CURSO DE ACTUALIZACIÓN XURÍDICA 2018-2019

DATAS: DO 26 DE OUTUBRO DE 2018 AO 24 DE MAIO DE 2019

LUGAR: SALÓN DE GRAOS E SALA DE XUNTAS DA FACULTADE DE DEREITO

CHARLA-COLOQUIO SOBRE O PARLAMENTO DE GALICIA

DATA: 29 DE OUTUBRO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

III FORO EMPREGO XURÍDICO-ORIENTA IURIS (Estratexias para a busca activa de emprego e saídas profesionais dos graduados/as en Dereito)

DATA: 9 DE NOVEMBRO DE 2018

LUGAR: AULA MAGNA CONCEPCIÓN ARENAL. FACULTADE DE DEREITO

III SEMINARIO-TALLER: LITERATURA E DEREITO. ESTADO, ADMINISTRACIÓN Y NUEVAS TECNOLOGÍAS EN LA NARRATIVA CONTEMPORÁNEA

DATAS: 11 DE OUTUBRO E 9 E 14 DE NOVEMBRO DE 2018

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO (AULA 1.2)

LIGA DE DEBATE DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2018/2019

DATA: MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2018

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

V COLOQUIO BINACIONAL MÉXICO-ESPAÑA. XESTIÓN DE CONFLITOS NO ESTADO DE DEREITO

DATA: DO 26 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2018

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: MENORES E XIHADISMO

DATA: 28 DE NOVEMBRO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE VIDEOCONFERENCIAS FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: O INTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA: ORGANIZACIÓN E FUNCIÓN. A UNIDADE DE ANTROPOLOXÍA FORENSE

DATA: 29 DE NOVEMBRO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO EMPRESARIAL

CONFERENCIA: LA AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN: SOLICITUD, EVALUACIÓN Y SEGUIMIENTO DE PROYECTOS DE INVESTIGACIÓN EN DERECHO

DATA: 15 DE FEBREIRO DE 2019

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: LA ADMINISTRACIÓN FINANCIERA Y TRIBUTARIA: OPORTUNIDADES LABORALES

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

DATA: 12 DE MARZO DE 2019

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

XORNADAS: TECNOLOXÍA DA COMUNICACIÓN E NOVAS FORMAS DE TRABALLO

DATA: 22 DE MARZO DE 2019

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

CONGRESO: I SEMINARIO INTERNACIONAL SOBRE DEMOCRACIA, CIUDADANÍA Y ESTADO DE DERECHO

DATA: 15 E 16 DE ABRIL DE 2019

LUGAR: CAMPUS OURENSE. FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: EL DRECHO AL RECURSO NO PENAL EN EL PROCESO ESPAÑOL A LA LUZ DE LA CE Y DEL CEDH

DATA: 2 DE MAIO DE 2019

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO EMPRESARIAL

CONFERENCIA: LA PREVENCIÓN DE LA CORRUPCIÓN EN LA CONTRATACIÓN PÚBLICA

DATA: 8 DE MAIO DE 2019

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: LA PRÁCTICA DEL DERECHO INTERNACIONAL PRIVADO EN ESPAÑA

DATA: 9 DE MAIO DE 2019

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO EMPRESARIAL

XORNADAS: FEMINIZACIÓN Y JUSTICIA

DATAS: 29, 30 E 31 DE MAIO DE 2019

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

### 4.2.3. Actuacións de promoción do centro.

Ao longo do curso 2018-19 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro, dentro do mencionado Plan de promoción, entre as que destacan as seguintes relativas ao Grao en Dereito e PCEO:

- Celebración do Curso Cero: o día 4 de setembro de 2018 celebrouse o denominado “Curso Cero”, destinado a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o Grao en Dereito e dándolle a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte de Facultade  
Obxectivos:
  - Facilitar ao alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.
  - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
  - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Celebración do III Foro de emprego Xurídico ORIENTA IURIS: O día 9 de novembro de 2018 celebrouse este obradoiro onde se presentaron distintas estratexias para a busca activa de emprego e saídas profesionais dos/as graduados/as en Dereito.
- Celebración do curso 3.5: o Curso de Orientación académica para estudiantes de terceiro curso do Grao en Dereito e de cuarto curso do PCEO-ADE-Dereito, celebrouse o luns 21 de xaneiro de 2019 na aula Magna da Facultade de Dereito. Os seus obxectivos son facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral; presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de grao; e dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Xornadas de portas abertas: Celebrouse o 18 de xuño de 2019 unha xornada de portas abertas dirixida ao estudiantado de Educación Secundaria e Bacharelato e as súas familias. O obxectivo foi dar a coñecer as diferentes escolas e facultades, dar información sobre as titulacións e os servizos xerais do campus, así como, acercar a visitantes á vida universitaria. A facultade estaba representada con unha caseta onde decana e outros membros participaron presentando as diferentes titulacións e saídas profesionais da Facultade de Dereito. A programación incluíu unha zona de feira no pavillón de deportes e actividades nos centros.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Organización de actividades múltiples: conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novedades, folletos e Carteis informativos que poden consultarse na páxina web da Facultade na ligazón de actualidade -<http://dereito.uvigo.es/es/actualidad/avisos/> e [http://dereito.uvigo.es/es/evento/-](http://dereito.uvigo.es/es/evento/).

### 4.2.3.1. Promoción internacional do centro: basicamente a través do profesorado, PAS e alumnado que participa en programas de mobilidade.

- No relativo ao PDI:
  - En relación ao Grao, cuatro profesores participaron en programas de mobilidade (3 mujeres e un home).
  - En relación ao Máster, cuatro profesores participaron en programas de mobilidade (3 mujeres e un home).
- No relativo ao PAS, en este curso académico non se realizaron estancias.
- Con respecto ao alumnado, non se dispón de datos.

## 4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora

### 4.3.1. Actuacións e incidencias más relevantes

Este informe ten como obxectivo servir de complemento á información en relación co discorrer do Grao que xa consta nos apartados anteriores.

Por orde cronolóxica, indícanse as actuacións e incidencias que se formularon ao longo do curso 2018-2019 no Grao en Dereito, así como as accións de mellora levadas a cabo dende a coordinación:

- A mediados do mes de xullo a decana da facultade remite un correo electrónico ao alumnado dos últimos cursos do Grao e PCEO solicitando a súa colaboración para formar parte do PAT como alumnos titores.
- O 18/07/2018 solicitouse aos profesores do primeiro cuatrimestre, a entrega do cronograma de actividades das materias a impartir no primeiro cuatrimestre, establecendo como data límite o 2 de setembro de 2018.
- O 03/09/2018 enviouse un correo electrónico aos coordinadores das materias que aínda non entregaran os cronogramas de actividades para que os enviasen a maior brevidade posible.
- O 03/09/2018 enviouse un correo electrónico ao profesorado do Grao indicando o seguinte:
  - Se facedes uso da plataforma Faitic, revisade que a vosa materia está activa neste curso e a información que desexades mostrar ao alumnado. Se detectades calquera incidencia, comunicademo a través dun correo electrónico á seguinte dirección coord.dereito.ou@uvigo.es
  - Recordade a importancia de seguir escrupulosamente o reflexado nas guías docentes e recoller evidencias da aplicación das distintas metodoloxías de avaliación.
  - Ao longo do curso académico, durante a impartición dunha materia, non se pode variar o método de avaliación indicado na guía docente, aínda que se acade un acordo co alumnado e se consiga a súa aprobación. Hai que axustarse sempre ao indicado na guía docente.
  - O profesorado que imparte unha materia (e o número de horas a impartir) deberá axustarse ao indicado no POD do departamento. Se se producen cambios ao longo do cuatrimestre, deberán reflexarse no POD. No centro, a única información da que disponemos oficialmente para saber quen imparte unha materia ou quen é o coordinador, é a indicada no POD. Polo que é necesario que o POD estea actualizado.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Segundo o procedemento para o seguimento e o control da docencia, calquera incidencia na docencia teórica ou práctica comunicarase á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente, indicando o día da incidencia, o motivo e o día de recuperación da clase, que se acordará previamente co alumnado a efectos de causarlle as menores distorsións possibles na planificación e desenvolvemento das ensinanzas.
5. O 04/09/2018 celebrouse a Xornada de acollida (Curso Cero) para o alumnado de primeiro curso do Grao en Dereito e do programa conxunto ADE/DEREITO co obxectivo de:
- Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
  - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
  - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito .
6. O 05/09/2018, dende a coordinación, envíouse un correo electrónico aos coordinadores de materias do Grao e PCEO para informarles da publicación, na web da facultade, do cronograma de actividades das materias a impartir no primeiro cuatrimestre.
7. O 21/09/2018 envíouse un correo electrónico aos docentes informando sobre a posta en marcha do proceso de planificación das Enquisas de Avaliación Docente EAD do 1º cuatrimestre do curso 2018/2019.
8. 27/09/2018: Públicase na web do centro o anexo I do PAT coa asignación de alumnos a profesores.tutores/alumnos.tutores para o curso 18/19. Ademais, dende a coordinación, envíouse un correo electrónico aos tutores do PAT solicitando que convoquen unha primeira reunión cos alumnos titorizados para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. Indícase que a dita reunión deben asistir os estudiantes tutores.
9. O 14/10/2018 procedeuse a completar as planificacións das Enquisas de Avaliación Docente EAD para aqueles docentes que non a completaron no prazo establecido.
10. O 27/09/2018 públicouse na web do centro o anexo I do PAT coa asignación de alumnado a profesorado-tutor/alumnado-tutor para o curso 18/19.
11. O 27/09/2018, dende a coordinación envíouse un correo electrónico aos tutores do PAT solicitando que convoquen unha primeira reunión co alumnado titorizado para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. Indícase que a dita reunión deben asistir os estudiantes tutores.
12. 02/10/2018: dende a coordinación envíouse un email aos estudiantes tutores para tentar fixar un día e hora na que nos reunir para analizar as súas funcións dentro do PAT. Ante a imposibilidade que fixar unha data na que puidesen asistir todos los estudiantes convocados, envíouselles un email o día 4 de outubro onde se lles resumía o obxectivo do PAT e as súas funcións como estudiantes tutores.
13. O 23/11/2018 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grao e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de todos los cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión informouse, dende a coordinación, das seguintes cuestións:
- Vaise solicitar ao profesorado a posta en marcha dos cronogramas de actividades do segundo cuatrimestre do curso 2018-2019. Indícase aos delegados que se lles avisará, por e-mail, da súa publicación na web da Facultade e pídeselles que, tras a súa publicación, os revisen para verificar que a carga de traballo das materias atopase repartida equitativamente ao longo do cuatrimestre.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

E recóllense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:

Con carácter xeral, os alumnos amosan a súa satisfacción co desenvolvemento da docencia. Con todo, a continuación expresan as seguintes dificultades ou cuestións susceptibles de mellora

### 1º Curso do Grao/PCEO:

- As/os delegadas/os de 1º curso do Grao indican que na materia Constitucional I:
  - o solicitóuselle ó alumnado a realización dun traballo, cunhas especificacións concretas contidas no documento colgado na plataforma Faitic e unha semana antes da data final de entrega do traballo, o profesor deu novas indicacións.
  - o Na materia realiza un control de asistencia do alumnado pero non se facilita aos alumnos o número de faltas de asistencia, cando estes o solicitan.
  - o Nalgúns ocasions, o profesor realiza comentarios fora de contexto que molestan ao alumnado e, incluso, poden ferir a súa sensibilidade.

Os alumnos de 1º curso do PCEO corroboran estas afirmacións, sobre todo no relativo a que non se manteñen os requisitos esixidos para a realización dos traballos que deben entregar ao longo do periodo de realización destes. Tamén comentan que o profesor fai comparacións entre os alumnos do Grao e PCEO, remarcando que os alumnos do Grao son “peores” que os do PCEO. Se lles indica que se falará co profesor para transmitir estas queixas.

### - Os delegados do PCEO:

- o queixanse de que non foron avisados dende o decanato de ADE da apertura do prazo de solicitude do TFG. Acórdase fixar unha reunión de coordinación do PCEO onde se invite ós delegados a asistir, e recórdaselle aos delegados do PCEO que as queixas relativas ao decanato de ADE deben ser transmitidas ao devandito decanato a través da secretaría do decanato.
- o Tamén se queixan de que, nas clases de Dereito Romano é difícil seguir as explicacións do profesor porque os apuntes son dictados e non se proporcionan ao alumnado en arquivo electrónico ou papel. Por outra banda, profesorado, segundo expresa o alumnado, non segue a orde do temario indicado na guía. Con respecto ao segundo, se lles indica que se transmitirá na reunión que se vai a celebrar a continuación co profesorado.

### 2º Curso do Grao/PCEO:

- A profesora de Civil III, Dña. Raquel Espinosa, en algunha ocasión rematou a clase media hora antes. Como sucedeu de maneira puntual, non se acorda ningunha actuación.
- Parte do profesorado imparte as clases en galego o que supón un atranco para unha alumna Erasmus italiana. A Vicedecana indica que o galego é unha lingua oficial, do mesmo xeito que o castelán, polo que o profesorado é libre de decidir en que idioma imparte a súa docencia.
- O profesor Abundancia onte non impartiu a súa docencia por ter obrigas laborais fora da universidade. O decanato xa está informado e o profesor recuperará a súa docencia na data e hora acordadas co alumnado.
- O profesor Virxilio Rodríguez pon a disposición dos alumnos o enunciado das prácticas a última hora dos venres e fixa a entrega para o luns. Os alumnos solicitan que se prantexen as prácticas con máis tempo. Se lles indica que se transmitirá na reunión que se vai a celebrar a continuación co profesorado.

### 3º Curso do Grao/PCEO:

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

O alumnado considera que a materia Dereito Civil III ten moito contido para ser unha materia de seis créditos.

- Algúns alumnos destacan que algúns profesores limitanxe a dictar apuntes. Se lles indica que se transmitirá na reunión que se vai a celebrar a continuación co profesorado.
- En xeral, nas materias non se respeta a orden do temario o que dificulta a preparación das probas eliminatorias.

### 5º Curso do PCEO:

- O alumnado amosa a súa satisfacción co novo horario: de 15:00h a 19:00h

As/os delegadas/os manifestan a súa preocupación porque están cerradas as aulas de libre acceso e Aranzadi. Se lles comunica que ata que non se incorporen os bolseiros que corresponden a este centro, permanecerán pechadas. Tamén se lles indica que este tema non depende do decanato senón da vicerreitoría de planificación e sostibilidade, e que xa se enviou un escrito a esta vicerreitoría pondo de manifesto as queixas do alumnado con respecto a non apertura da sala de libre acceso.

As/os delegadas/os tamén se queixan de que os ordenadores que teñen a súa disposición na conserxería están a dar fallos de software. Se lles comenta que se revisarán para tentar solucionar estes problemas.

**14.** O 23/11/2018 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica co profesorado que ten docencia nas materias do Grao en Dereito e Simultaneidade.

Informouse, dende a coordinación, das seguintes cuestións:

- É convinte, a hora de impartir a docencia nunha materia, seguir a orde dos temas tal e como figuran na guía docente. Recórdase ao profesorado que dita orde no temario pódese variar cada ano cuando se elabora a guía docente.
- Régase que, de igual modo que o alumnado debe de respectar ao profesorado, este tamén debe de respectar ao alumnado.
- A hora de prantexar ó alumnado a entrega dun traballo teórico ou práctico ou exposición, é necesario indicar claramente os requisitos esixidos para a súa realización e entrega e non cambiar ditos requisitos unha vez publicados.
- Prantexar a entrega destes traballos coa suficiente antelación para que o alumnado dispoña de horas suficientes, de luns a venres, para a súa elaboración.

Os profesores comunican á coordinación o seguinte:

- O profesor J. M. García Sobrado considera que “el hecho de que los alumnos, puntualmente, dispongan de tiempo limitado para realizar los trabajos/prácticas exigidas les ayuda a enfrentarse a la realidad que se encontrarán cuando salgan al mercado laboral”.
- A profesora Belén Sánchez indica que na súa materia modifícase a orde de impartición dos temas pero que elo está contemplado na guía docente
- A profesora Zoraida Álvarez Pérez comenta que ten detectado que algúns alumnos/as teñen dificultades na súa materia e pregunta se o alumnado está informado de que existe un gabinete psicopedagógico para orientalos con técnicas de estudio, etc. Se lle indica que se informa os alumnos na celebración do curso 0, o inicio do 1º curso.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Tras varios comentarios do profesorado acórdase que se preguntará ao gabinete psicopedagógico se pode intervir directamente nalgún caso concreto ou debe agardar a que o/a alumno/a solicite os seus servizos (logo de formular a consulta ao gabinete, o persoal do mesmo indica que debe ser o/a alumno/a o que solicite axuda ao gabinete).

15. O 16/01/2019 enviouse, dende a coordinación, un correo electrónico aos delegados/as informando que xa estaban publicados, na web da facultade, os cronogramas de actividades das materias a impartir no segundo cuatrimestre e solicitando que se revisase si existe sobrecarga de traballo en algunha semana para transmitilo o profesorado e valorar a posibilidade de modificar os cronogramas.
16. O 16/01/2019 enviouse, dende a coordinación, un correo electrónico aos profesores do segundo cuatrimestre, informando que xa estaban publicados, na web da facultade, os cronogramas de actividades das materias a impartir no segundo cuatrimestre, e solicitando os cronogramas que non foran ainda entregados.
17. O 21/01/2019. Dende a coordinación do Grao e Simultaneidade enviouse un correo electrónico aos titulares do PAT solicitando que se convoque unha reunión para o seguimento dos estudiantes titorizados.

18. O 21/01/2019 organizouse, o curso 3.5, fundamentalmente destinado a alumnos de terceiro curso do Grao en Dereito e de cuarto do PCEO. Os obxectivos deste curso son:

- Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de Mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
- Presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
- Dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

Os temas abordados foron os seguintes:

- Prácticas extracurriculares e emprego. D.<sup>a</sup> Sandra Morales. FUVI.
- A optatividade e a estrutura en Mencións. Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
- A organización da materia optativa Prácticas externas. Prof.<sup>a</sup> Dra. Susana Álvarez González. Coordinadora da materia Prácticas externas do Grao en Dereito.
- O Traballo fin de Grao. Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto. Coordinadora da materia TFG.
- A mobilidade do estudiantado no estranxeiro. Prof.<sup>a</sup> Dra. M.<sup>a</sup> Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito.
- Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Mestrado universitario en avogacía. Prof.<sup>a</sup> Dra. M<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía da Facultade de Dereito.

19. O 30/01/2019 informouse, dende a coordinación, aos profesores do segundo cuatrimestre, sobre a posta en marcha do proceso de planificación das Enquistas de Avaliación Docente EAD, establecendo como data límite o 10 de marzo para introducir a proposta de datas de realización das enquistas, e indicando que, pasada esa data, se o profesorado implicado non introduce ningunha data será a coordinadora a que introduza as datas de realización das enquistas.

20. O 11/02/2019 celebrouse unha reunión de coordinación da titulación co obxectivo de:

- Analizar o estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2017-2018 e adopción de acordos respecto da planificación do traballo a realizar para a execución das que aínda non foran implantadas. Tras analizar o grado de execución das tres melloras propostas para a Titulación, considérase que están executadas e, polo tanto, cerradas.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 2017GDT01. Continuar coa análise das taxas académicas por materia dos estudiantes e a análise comparativa entre sedes en materias nas que as taxas revelen un reducido rendemento do estudiantado.  
En ningún dos dous centros se detectaron materias nas que se aprecie un reducido rendemento do alumnado.
  - 2017GDT02. Reunión con alumnado y profesorado para abordar los problemas de organización temporal das materias en el plan de estudios.  
En ningún dos dous centros se detectaron problemas de organización temporal das materias.
  - 2017GDT03. Valorar a oportunidade de proceder á modificación da memoria de verificación coa finalidade de incorporar os errores detectados a través dos informes de seguimento do título e outros cambios que se consideren oportunos.  
En ambos os dous centros se acordou non validar a declaración de interese para a modificación da memoria de verificación do Grao en Dereito (Na Facultade de Dereito, este acordo adoptouse dentro da reunión ordinaria da Xunta de Facultade, celebrada o 28 de Febreiro de 2018).
- Analizar e aprobar, se procede, a proposta de accións de mellora da titulación para o curso 2018-2019.
- Das tres melloras inicialmente formuladas para a titulación, acórdase que só a primeira se aprobe como proposta de acción de mellora para a titulación.
- 2018GDT01. Solicitar que se modifique a aplicación DOCNET para que avise cando unha guía é modificada, e non enviada, ao coordinador do título.
- As outras dúas pasan a ser propostas de acción de mellora solo do Grao da Facultade de Dereito ao considerar a coordinadora do grao na Facultade de CCXX que é complicado poder levar a cabo estas melloras no seu centro:
- (2018GDT02 → 2018GDO03). Mellora das guías docentes: Incluir en todas as guías docentes, no apartado "Outros comentarios" (dentro do paso 7: Evaluación), os seguintes tres apartados:
- 1. CRITERIOS DE EVALUACIÓN PARA ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS
  - 2. CRITERIOS DE EVALUACIÓN PARA NO ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS
  - 3. CRITERIOS DE EVALUACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARRERA
- (2018GDT03 → 2018GDO04). Mellora das guías docentes: Incluir en todas as guías docentes, no apartado "Outros comentarios" (dentro do paso 7: Evaluación), as competencias que se avalán e resultados de aprendizaxe para o alumnado non asistente na primeira opción e para a segunda opción e Fin de Carrera.
- Analizar e aprobar, se procede, a proposta de modificacións á memoria da titulación.  
Apróbanse as propostas de modificacións e acórdase delegar nas coordinadoras de grao os cambios que sexan necesarios si se detectase algún erro na definición de ditas modificacións.
  - Toma de postura en relación coa presentación ou non dunha declaración de interese para proceder á modificación do título.  
Acórdase non presentar unha declaración de interese para someter a memoria a modificación/verificación.

21. O 07/03/2019 celebrouse unha reunión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO), onde, tras aprobar a acta da sesión anterior (14/06/2018), se abordaron os seguintes puntos:

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Informe sobre o Acto de Graduación 2019: Marta Fernández Prieto e Elena Rivo López indican que haberá dous actos de graduación de maneira que os alumnos do PCEO asisten tanto a graduación de ADE como a graduación de Dereito. Levarán unha banda propia de cor vermella e laranxa. Para indicar que son do plan conxunto nos actos de graduación se lles nomeará en mención separada.

Informe sobre a situación actual dos TFG's: non se observaron problemas a destacar no desenrolo dos mesmos.

Informe sobre a participación do alumnado nos premios extraordinarios de Grao: os premios extraordinarios para os PCEOs se teñen que incorporar os premios do grao en ADE e do grao en Dereito. O premio extraordinario vai no título, polo tanto, é a única posibilidade. Pódese dar un premio patrocinado polos dous decanatos a posteriori.

Informes das Sras. coordinadoras en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico: as coordinadoras de Ade e Dereito destacaron un balance positivo do curso académico. A coordinadora de ADE, tras reunirse con alumnos de 1º do Pceo, non lle transmitiron ningunha queixa salvo algúna derivada da docencia (distribución POD) que non ten que ver co propio PCEO.

A profesora Lourdes Borrajo destacou a taxa de abandono do 25%, tema que hai que estudar e tomar medidas.

**22.** O 29/03/2019 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grao e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de todos os cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión a coordinadora informa sobre:

- En breve, iniciarase o proceso de elaboración das guías docentes para o curso 19/20. Dende a coordinación solicítase a colaboración da delegación de alumnos para a revisión de ditas guías, sobre todo no relativo ó método de avaliación (e sempre respetando ó marcado pola ficha da materia) para así poder disminuir ó número de queixas relacionadas cos métodos de avaliación, número de probas, porcentaxe de ditas probas sobre o exame final, etc.
- En unhas semanas elaborarase o calendario de exames que se envía aos delegados para a súa aprobación antes de pasalo á Xunta de Facultade. Rógase que se revise para evitar futuras queixas.
- Ó 23 de novembro celebrouse unha reunión cos profesores aos que se lles trasladaron as queixas dos alumnos:
  - É convinte, a hora de impartir a docencia nunha materia, seguir a orde dos temas tal e como figuran na guía docente. Recórdase ao profesorado que dita orde no temario pódese variar cada ano cando se elabora a guía docente.
  - Rógase que, de igual modo que o alumnado debe de respectar ao profesorado, este tamén debe de respectar ao alumnado.
  - A hora de prantexar ó alumnado a entrega dun traballo teórico ou práctico ou exposición, é necesario indicar claramente os requisitos esixidos para a súa realización e entrega e non cambiar ditos requisitos unha vez publicados.
  - Prantexar a entrega destes traballos coa suficiente antelación para que o alumnado dispoña de horas suficientes, de luns a venres, para a súa elaboración.

E recollense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:

- O delegado de 1º curso do Grao indica que a única queixa que desexan trasladar os alumnos ó profesorado é a relativa a que non se respectan os cinco minutos de descanso entre cada clase. Dende a coordinación se lles indica que se enviará un email ao profesorado solicitando que se permita ao alumnado realizar un

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

pequeno descanso entre clases, e que tamén se informará na reunión de coordinación co profesorado que se celebrará na próxima semana.

- Os delegados de 2º curso do Grao indican que na materia Penal II o profesor non imparte clases maxistrais senón que solicita a un grupo de alumnos (aleatoriamente) que se prepare os contidos a impartir na seguinte clase e son estes os encargados de dar a clase maxistral para o resto do alumnado. O alumnado en xeral queíxase de que, deste modo, non se está a abordar en profundidade os contidos esenciais da materia e esto provoca que o número de alumnos que asisten a clases descendan cada semana. Dende a coordinación se lles indica que se revisará a guía docente para comprobar si esta metodoloxía está contemplada na guía docente.  
O delegado de 2º do PCEO comenta que en Penal II, dentro do PCEO, nas últimas semanas está a suceder o mesmo.
- A delegada de 3º curso do grao indica que na materia Internacional Privado non se está a cumplir o cronograma dado que as probas parciais non se están a realizar nas fechas que figuran no cronograma publicado na web. Por outro lado, na guía docente non está claro o método de avaliación que se debe aplicar. Ademais, en un dos grupos prácticos, nas primeiras semanas de clase, realizouse o primeiro exame práctico habendo impartido soamente unha clase práctica (por coincidir con festivos). Dado que este primeiro exame era eliminatorio, un número importante de alumnos xa non asisten a clases por no poder seguir por avaliación continua. Tanto a coordinadora como a vicedecana de organización académica indican que se falará co profesor para tentar que se axuste ó indicado no cronograma ou que notifique os cambios que deseñe efectuar para actualizalo. No relativo a descripción do método de avaliación na guía docente, se lles recorda aos delegados/as que as guías se lles envían, antes da súa aprobación, para que sexan revisadas. Tamén se lles indica que, aínda que parte dos alumnos xa non poidan seguir por avaliación continua deberían seguir asistindo a clases xa que lles facilitaría o aprobar a materia por avaliación final.
- A delegada de 1º curso do PCEO:
  - Solicita que os venres se inicien as clases antes da hora fixada ata agora, para facilitar a conciliación familiar ó alumnado de fora de Ourense. A vicedecana indica que o estudiará de cara a elaboración dos horarios do próximo curso.
  - Tamén solicita que se estudie a posibilidade de que as clases do PCEO se impartan en aulas da 1ª planta do edificio para facilitar o tránsito dunha clase a outra dado que as aulas onde se imparten as materias do Grao en Dereito non son as mesmas que as aulas onde se imparte o Grao en ADE. A vicedecana indica que o estudiará de cara a elaboración dos horarios do próximo curso.
  - Indica que se teña en conta, de cara a unha futura modificación da memoria, que o número de créditos asignados á materia Introdución ó Dereito Civil debería ser 6, tendo en conta os contidos que se imparten. Se lles indica que se analizará xunto co profesorado responsable desta materia e o profesorado da área de Dereito Civil.
- O delegado de 3º do PCEO:
  - Indica que na materia Sistema Xudicial español e proceso civil é necesario valorar a necesidade de dotala de más créditos ou de dividila en dous cuadrimestres (en dúas materias) dado que o alumnado considera que o temario é moi extenso e difícil de abordar nas horas que ten asignadas esta materia. Se lles indica que se analizará xunto co profesorado responsable desta materia e o profesorado da área implicada no momento en que se inicie un proceso de modificación da memoria do título.
  - Tamén solicitan que, para as materias de 9 créditos, as sesións sexan de menor duración. A vicedecana indica que o estudiará pero que ve difícil que se poida levar a cabo porque o profesorado ten moitas horas de docencia asignadas e é complexo dividir está en tres ou catro días.

Dende a coordinación se lles indica aos delegados que se transmitirán todas as queixas e suxerencias recollidas.

23. O 5/4/2019 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica co profesorado con docencia nas materias do Grao en Dereito e Simultaneidade.

Informouse, dende a coordinación, das seguintes cuestións:

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Durante este curso académico, parte do profesorado contactou coa coordinadora do Grao por algún destes motivos:
  - As horas ou materias que tiñan asignadas na aplicación que permite ó profesorado introducir a planificación das enquisas de evaluación docente (EADs) non coincidían coa docencia que se está impartindo neste curso
  - Nas actas e/ou na guía docente, figuran profesores que realmente non imparten a materia.Todos estes problemas débense a que, en algúns departamentos, logo da aprobación inicial dunha primeira versión do POD, realizáronse unha ou varias modificacións de dito POD e non se actualizou XesCampus.

Tanto a aplicación que utilizan os profesores para elaborar as guías docentes (DOCNET) como a secretaría Virtual (seix.uvigo.es) obteñen os datos relativos á docencia de Xescampus, de aí a importancia de que en Xescampus os datos estean actualizados.

No caso de DOCNET, os datos do POD recóllense de Xescampus antes do verán (antes de que se abra o prazo para elaborar as guías docentes). Se, pasada esa data, cambia o POD dun departamento, o profesorado debe notificalo a coordinadora do Grao e, mentres non se peche a aplicación DOCNET (a mediados de Xullo) pódense cambiar os datos do profesorado asignado a unha guía docente.Por tanto, é moi importante que se nun departamento se realiza unha modificación no POD, se actualicen os datos do POD en XesCampus.
- Ademais, débese de informar ó decanato desta Facultade para que este teña a información actualizada dado que é a información que manexa a coordinadora na revisión das guías docentes ou revisión da planificación das enquisas de evaluación docente.
- Calquera cambio no horario ten que ser autorizado polo decanato, aínda que se houbese acordado co alumnado.
- Régase ó profesorado que:
  - Respeten os cinco minutos de descanso entre cada clase.
  - A elaboración do cronograma de actividades non sexa un mero trámite e se elabore tendo en conta a realidade da docencia que se vai impartir.
  - Respeten as metoloxías docentes contempladas nas guías docentes.

Por outra banda, a profesora Mónica Siota comenta que a empresa encargada da realización das enquisas de evaluación docente non está avisar do día concreto en que pasarán a realizar a enquisa, a pesares de haber indicado no campo Observacións o enderezo electrónico. Outros profesores sinalan tamén o mesmo. A coordinadora de Grado comprométese a informar á área de Calidade desta incidencia para que se solicite a empresa que avise ao profesorado da data da visita.

24. 27/05/2019. Dende a coordinación envíouse un correo electrónico aos titores do PAT e os alumnos titores solicitando que cumprimentasen o anexo “IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a” e o envíen por correo electrónico a coordinadora. Tamén se solicita ao profesorado que, se aínda non enviaron á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas o longo do curso, os acheguen para poder realizar o informe final do PAT deste curso.
25. 28/05/2019: Dende a coordinación envíouse un correo electrónico aos estudiantes que participaron no PAT solicitándolles que cubran o anexo “IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado” e o remitan por correo electrónico á coordinadora.

### 4.3.2. Accións de mellora para o curso 2019/2020

En relación coa coordinación do Grao e Simultaneidade, as propostas de mellora serían as seguintes:

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Analizar, no seo da Comisión de coordinación do PCEO, as distintas taxas (éxito, rendemento e, en especial, abandono) e, si se considera necesario, propor accións para a súa mellora.

### No relativo ao Plan de Acción Titorial:

- En relación ao Grao, tras analizar as respostas recollidas nos cuestionarios de satisfacción remitidos ao profesorado, estudiantes tutores e alumnado, prantéxase a seguinte:
  - Analizar, dentro do seo da Comisión de Calidade as peticionis recollidas nos cuestionarios de satisfacción do PAT (e que se indican a continuación) dado que dende a coordinación se considera que xa estarían cubertas coa utilización do buzón de queixas, suxestións e parabéns ou coa posibilidade de comunicarse co tutor ou estudiante tutor a través do email:
    - Engadir unha aplicación a través de Faitic coa que os alumnos puideran remitir dúbidas e que foran individualmente tratados.
    - Analizar a forma de garantir o anonimato do estudiantado que formula algunha queixa para favorecer a comunicación co tutor.
    - Engadir un maior poder de decisión do alumnado nas cuestións da docencia que o incumben así como engadir distintos formularios, por exemplo, onde expresar mellor a opinión sobre cada profesor.
- En relación ao Mestrado,:
  - Analizar o desenvolvemento do mesmo no curso académico 2019/2010 e, se fose preciso, fazer unha reunión cos tutores do PAT coa finalidade de valorar a posibilidade de celebrar unha reunión inicial conjunta de todos os tutores do PAT e os estudiantes de primeiro curso e unha final para poder analizar a satisfacción dos estudiantes co PAT.
  - Incentivar a celebración de reunións co tutor do PAT a petición do estudiantado durante o curso académico, tanto individuais como en grupo.

En relación coa coordinación das prácticas externas, as propostas de mellora que se prevén para o próximo curso son as seguintes:

- Actualización dos Convenios que foran denunciados ou derogados e adaptación á nova normativa e xestión de novos convenios con Organismos públicos e privados.
- Organización e celebración da III Feira de Emprego Xurídico de Galicia e Norte de Portugal Orienta Iuris

En relación coa coordinación de relacións internacionais e programas de mobilidade:

- Promoción no exterior do Itinerario en Dereito da Unión, co obxectivo de atraer estudiantes tanto do Programa ERASMUS como dos Programas con América Latina. Promocionar o devandito itinerario na páxina web da Facultade así como enviar información ás diversas Universidades coas que o Centro celebrou convenios de intercambio de estudiantes.

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

En relación coa coordinación da materia de TFG:

- Propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación.
- Analizar as causas que poden provocar que os alumnos no acaden superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden defender o Traballo de fin de grao.

## 5. Conclusións

A través das actas das reunións mantidas co alumnado, profesorado, tutores/as das prácticas externas e tutores/as dos traballos de fin de Grao, o equipo de coordinación vén cumplir co establecido na memoria do Grao. Ademais, proporcionáis á Comisión de Calidade e ao decanato información do proceso de implantación do sistema de garantía interno da calidad do centro no Grao en Dereito e na simultaneidade de estudos ADE-Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, tanto en relación coas incidencias que teñen xurdido como cos plans de mellora que se levan a cabo.

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Grao en Dereito e na simultaneidade ADE-Dereito extráese, como principal conclusión, que os datos e indicadores obtidos así como os principais problemas e incidencias detectados pola coordinación foron obxecto de análise minuciosa, tanto dende a Coordinación como na Comisión de Calidade, coa finalidade de avanzar na mellora continua da titulación mediante a proposta de accións de mellora.

## 6. Anexos

Para completar a información, achéganse as actas das reunións, directrices, pautas e informes relativos ás accións de coordinación desenvolvidas no curso académico.

- Actas das reunións das distintas reunións de coordinación mantidas
- Informe Seguimiento TFG
- Informe de seguimiento. Prácticas curriculares
- Informe de seguimiento. Relacións internacionais
- Informe Final Revisión das guías docentes 2019-2020
- Informe Final PAT 18/19
- Actas da Comisión de Calidade


Data: 12/12/2019

Sinaturas:

## Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito



Lourdes Borrajo Diz  
Vicedecana de Planificación e Calidade  
Coordinadora do Grao en Dereito no curso académico 2018-2019



Susana Álvarez González  
Vicedecana de Organización Académica e Profesorado  
Coordinadora de Prácticas Externas



Belén Sánchez Ramos  
Coordinadora de Relacións Internacionais



Decana da Facultade de Dereito  
Coordinadora do TFG